
DISECCIÓN DE CORAZÓN

Nos vertebrados, o corazón é o órgano máis destacado do sistema circulatorio. Situado no centro da caixa torácica, a súa función é impulsar o sangue ao resto do corpo. Esta práctica ten como obxectivo estudar a anatomía externa e interna do corazón de porco, moi similar na súa morfoloxía ao de humano.


Material necesario

- Corazón de mamífero (porco)
- Bandexa de disección
- Tesoiras e pinzas
- Bisturí
- Luvas de látex
- Palliñas

Estudo da morfoloxía externa

Empeza por colocar adecuadamente o corazón na bandexa de disección.

Debes apoialo sobre a súa cara máis plana, quedando cara arriba a máis bombeada. Ademais o vértice inferior debe estar un pouco á esquerda, como se indica na figura.




- ✓ Identifica as caras anterior e posterior do corazón.
- ✓ Identifica as aurículas e os ventrículos.
- ✓ Identifica os vasos sanguíneos que parten do corazón. Introduce unha palliña azul pola arteria pulmonar e unha palliña vermella pola arteria aorta.

CUESTIÓNES:


- Que diferencias atopas entre as aurículas e os ventrículos?
- Os pequenos vasos que atopamos pola cara externa son as arterias e veas coronarias, que funcións teñen?
- A que cavidades acceden as palliñas vermella e azul?

Estudo da anatomía interna dos ventrículos


Para acceder ao interior dos ventrículos, imos realizar dous cortes co bisturí ou as tesoiras dende as arterias ata o fondo dos propios ventrículos. Coa axuda das pinzas, apartaremos a parede lateral para observar o interior.



- ✓ Realizamos a incisión dende a arteria pulmonar ata o ventrículo dereito, tal e como indica a liña do Corte 1.
- ✓ Separamos as paredes para observar o interior e tratamos de localizar as válvulas tricúspide e arterial.



- ✓ Realizamos unha segunda incisión dende a arteria aorta ata o ventrículo esquerdo, tal como indica o Corte 2.
- ✓ Separamos as paredes para observar o interior e tratamos de localizar as válvulas mitral e aórtica.



CUESTIÓNES:

- Atopas diferencias nas paredes dos ventrículos esquerdo e dereito? De ser así, que relación pode ter esta diferenca coa función que realizan?
- Atopas diferencias entre as válvulas sigmoideas (tamén chamadas semilunares, a aórtica e a pulmonar) e as válvulas aurículo-ventriculares (tricúspide e mitral)? Que función desempeñan as válvulas sigmoideas?
- Atopas diferencias entre as válvulas tricúspide e mitral? Por que se lle denominan válvulas tricúspide e bicúspide?

Estudo da anatomía interna das aurículas

- ✓ Introducendo as tesoiras polas veas cavas, abre o interior da aurícula dereita.
- ✓ Repite o proceso coa aurícula esquerda cortando as veas pulmonares

CUESTIÓN

- Atopas diferencias entre as paredes das aurículas e dos ventrículos? De ser así, que relación pode ter esta diferenza coa función que realizan?
- Por que dicimos que a circulación dos mamíferos é dobre e pechada? Relaciona este feito coa anatomía do corazón.